



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de setembro de 2022 (1298/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno (Resolución 19/09/2022) o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(785).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de setembro e extraordinaria e urxente do 16 de setembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(786).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓN S CON DESTINO AOS SERVIZOS DE IGUALDADE, TESOURERÍA MUNICIPAL, POLICÍA LOCAL E Á ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6805/241.

Visto o informe xurídico do 19/09/2022 e o informe de fiscalización do 23/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 08/09/2022, asinado polo tesoureiro municipal, o intendente da Policía Local, a xefa de Igualdade, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e a concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O 19 de agosto de 2022 asínase o informe de necesidade da contratación do subministro de libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas (dependente da Concellería de Igualdade), á Tesourería municipal, á Policía Local e á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, resolvéndose nas datas 19, 22 e 23 de agosto o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

2º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato coa resolución de inicio de datas 19, 22 e 23 de agosto de 2022
- Memoria económica asinada o 25 e 26 de agosto de 2022.
- Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de datas 25 e 26 de agosto de 2022 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas asinado o 24 de agosto de 2022
- Memoria xustificativa asinada o 1 e 5 de setembro de 2022
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 5 de setembro de 2022

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116 e 156 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Nas memorias xustifícanse o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 31 de agosto de 2022. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas (dependente da Concellería de Igualdade), á Tesourería municipal, á Policía Local e á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 5 de setembro de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 24 de agosto de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 9.260,00 € euros, que inclúe un IVE (4%) de 356,15 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Lote	2022 (de novembro decembro)	2023 (de xaneiro a decembro)	Total (IVE incluído)	Importe IVE	Prezo sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Igualdade	600,00 €	1.800,00 €	2.400,00 €	92,31 €	2.307,69 €	2311 2200100 "Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
Lote 2 Tesourería	600,00 €	600,00 €	1.200,00 €	46,15 €	1.153,85 €	9340.2200100
Lote 3 Policía Local	520,00 €	1.040,00 €	1.560,00 €	60,00 €	1.500,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 4 RRHH e Formación	1.100,00 €	3.000,00 €	4.100,00 €	157,69 €	3.942,31 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"
Total	2.820,00 €	6.440,00 €	9.260,00 €	356,15 €	8.903,85 €	



Concello de Vigo

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(787).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS E ÁREAS DO CONCELLO DE VIGO: LOTES 1 E 2. EXPTE. 6738/241.

Visto o informe de fiscalización do 22/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 1 e 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 1 e 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado nas datas 18, 20 e 23 de maio de 2022.

S.ord. 29/09/2022

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 19.610,00 euros, que inclúe un IVE (4%) de 754,23 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

	Ano 2022 (outubro a dec.) C/IVE	Ano 2022 sen IVE	Ano 2023 (xaneiro a dec.) C/IVE	Ano 2023 sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Asesoría Xurídica	300,00 €	288,46 €	2.200,00 €	2.115,38 €	9200 2200100 "Bases de datos, libros e outras publicacións"
Lote 2 Contratación	150,00 €	144,23 €	500,00 €	480,77 €	9206.220.0100 "Libros e outras subscricións"
Lote 3 EMAO	2.000,00 €	1.923,08 €	4.000,00 €	3.846,15 €	3261 2200100 "Publicacións e subscricións"
Lote 4 Igualdade	600,00 €	576,92 €	1.800,00 €	1.730,77 €	2311 2200100 "Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
Lote 5 Tesourería	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9340.2200100
Lote 6 Contabilidade	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9311.2200100
Lote 7 Policía Local	520,00 €	500,00 €	1.040,00 €	1.000,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 8 RRHH e Formación	1.100,00 €	1.057,69 €	3.000,00 €	2.884,62 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 3 e 6 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 - Asesoría Xurídica



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 2 - Contratación

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 3 - EMAO

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

- LOTE 6 - Contabilidade

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (42.210.919-P) (lotes 3 e 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
Dado que ATELIER LIBROS. S.A.U. xa acreditou correctamente a súa solvencia económica no sobre A non é necesario que volva a presentala. Respecto da solvencia técnica, indícase que deberá completarse segundo o previsto na cláusula 8.8.3º do PCAP (“Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Na sesión do 11 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Declarar desertos os lotes 4, 5, 7 e 8 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) porque o único licitador presentado nestes lotes non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a

través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP “En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).

Cuarto.- A resolución de clasificación foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3 e 6, ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), o día 12 de agosto de 2022, que presentan documentación dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación na sesión do 2 de setembro de 2022, a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días aos dous licitadores para poder emendala. Durante o prazo concedido presentaron documentación.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo correcta documentación de ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2), polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1 e 2 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATELIER LIBROS, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante no lote 2 é a formulada por ATELIER LIBROS, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 4 de agosto de 2022.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) coas seguintes condicións:

- Lote 1 Asesoría Xurídica:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 2.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96,15 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.*
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.*
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.*
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).*

- Lote 2 Servizo de Contratación:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.*
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.*
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.*
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(788).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN" . EXPTE. 1183/441.

Visto o informe de fiscalización do 22/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de marzo de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.173.440,49 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 203.654,96 €.



Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190000 "HUMANIZACIÓN CASTELAO", segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	670.000,00 €
2023	503.440,49 €
TOTAL	1.173.440,49 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 75,14%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,77
2º	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	93,73
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	85,70
4º	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,53
5º	ORECO BALGON, S.A.	84,69
6º	NAROM, S.L.	84,33
7º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	83,94

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Trátase dunha obra cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 9 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 26 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Humanización da avda. Castelao, entre as rúas Martín Echegaray e Darío Durán" (1.183-441) por un prezo total de 1.039.081,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 180.336,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha obra cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a execución dun plan de mellora da mobilidade urbana sostible na cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(789).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN OBRAS DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”. EXPTE. 1184/441.

Visto o informe de fiscalización do 22/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 125.165,15 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.609.00.64 “Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón”, provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	721.189,69 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,07
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,72
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A	87,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Concello de Vigo

seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 e 29 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 29/09/2022

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de “Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209” (1.184-441) or un prezo total de 720.180,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 124.989,92 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(790).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS": LOTE 2. EXPTE. 9215/335.

Visto o informe de fiscalización do 26/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/09/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) (lote 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9215-335) (lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)

- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:

LOTE	CLASIFICACIÓN	LICITADOR	Puntuación TOTAL
1	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	54,60
2	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	VIGO POR LA DANZA	44,50
	3º	BIGLAB, S.L.U	33
3	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	33
4	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70

	2º	BARAFUNDA, S.L.	58,53
5	1º	BARAFUNDA, S.L.	70,79
	2º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), o día 29 de xullo de 2022, que presentan a documentación requirida os días 8 e 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- Na sesión do 19 de agosto de 2022 a Mesa concedeu un prazo aos dous licitadores clasificados en primeiro lugar para que puidesen emendar a documentación presentada.

Quinto.- O 26 de agosto de 2022 a Mesa entendeu que KOREMI REHABILITACIÓN, S.L non cumprimentou adecuadamente o requirimento formulado para os lotes 1, 2, 3 e 4 no prazo concedido e acordou solicitar a mesma documentación aos licitadores clasificados en segundo lugar nos referidos lotes (BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) -lotes 1 e 3-, VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) - lote 2- e BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) -lote 4-, en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

Sexto.- A Xunta de Goberno local na sesión do 1 de setembro de 2022 acordou:

“Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27756402) o lote 5 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 26.620,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.620,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,51%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Sétimo.- Na sesión do 15 de setembro de 2022, a Mesa de Contratación, logo de revisada a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA para o lote 2, dado que presentou unha certificación da AEAT negativa na que se indica que a devandita licitadora non presentou as declaracións/liquidacións correspondentes ao ano 2020



Concello de Vigo

xunto coa solicitude de certificado de non ter débedas do 12 de setembro de 2022 (último día do prazo), en base ao artigo 150.2 LCSP, acordou solicitar a correspondente documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U.

Na mesma sesión acordouse formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

“Primeiro.- Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404)

- O lote 1 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 29.040,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.040,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 3 %.*
- O lote 3 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 21.780 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.780,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 0 %.*

Segundo.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402)

- O lote 4 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 27.830,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4830,00 euros, cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da cláusula 5 do PCAP do 2,61 %”.*

Oitavo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 22 de setembro de 2022, ao abeiro da resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP), acordou, por unanimidade, considerar correcta a documentación presentada por VIGO POR LA DANZA, ao ser susceptible de emenda e ter emendado o licitador a documentación esixida, e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 2 a este licitador, o que supón acordar a improcedencia de ter formulado o requirimento de documentación ao terceiro clasificado, BIGLAB, S.L.U.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar no lote 2, VIGO POR LA DANZA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VIGO POR LA DANZA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 e 18 de xullo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VIGO POR LA DANZA (G-01.905.975) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) por un prezo máximo de 14.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.520,00 euros, e cunha porcentaxe de desconto aplicable ao prezo unitario previsto na cláusula 5 do PCAP do 1%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(791).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN, INTEGRACIÓN COS SISTEMAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN E SOPORTE TÉCNICO, DUN SOFTWARE INFORMÁTICO EN MODALIDADE “SOFTWARE AS A SERVICE” (SAAS) PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 6610/213.



Concello de Vigo

Dáse conta da proposta de data 26/09/2022, asinada pola técnica de Admón. Xeral (PD 14/09/2022), que di o seguinte:

“Tomar razón da Resolución nº 169/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 143/2022, interposto por por EUROCOP SECURITY SYSTEMS SL contra a súa exclusión da contratación para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico, dun software informático en modalidade “Software as a Service” (SaaS) para a xestión dos avisos, comunicacións, inventario de activos, xestión dos cuadrantes de persoal, xestión dos servizos e actuacións que leva a cabo o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, expediente 6610-213. Na mesma o TACGAL destima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por EUROCOP SECURITY SYSTEMS SL contra a súa exclusión da contratación para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico, dun software informático en modalidade “Software as a Service” (SaaS) para a xestión dos avisos, comunicacións, inventario de activos, xestión dos cuadrantes de persoal, xestión dos servizos e actuacións que leva a cabo o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, expediente 6610-213 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

8(792).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6811/241.

Visto o informe de fiscalización do 26/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/09/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (PD 14/09/2022), a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

S.ord. 29/09/2022

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2022, acordou adxudicar a IBERDROLA CLIENTES, o o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (expediente nº 52.008-444).

Terceiro.- O contrato formalizouse o 11 de marzo de 2022 e comezou a súa execución o día seguinte.

Cuarto.- O prazo do contrato é de 1 ano e ten prevista unha prórroga de catro meses de duración.

Quinto.- En data 8 de setembro de 2022 a Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato para resolver o problema xerado polo incremento do “prezo indexado” definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE).

Sexto.- Con data do 9 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 9 de setembro de 2022.



Concello de Vigo

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Oitavo.- O 13 de setembro de 2022 a xefa do Servizo de Contratación, coa conformidade da concelleira delegada e da titular da Asesoría Xurídica, formulou proposta de aprobación definitiva e enviouse o expediente á Intervención Xeral.

Noveno.- Con data do 23 de setembro de 2022 o técnico de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Electromecánicos, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, emitiron informe no que solicitan *“que a modificación consistente no incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, sexa imputada á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 “subministro enerxía eléctrica alumado público” asociado ao proxecto 18153290”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

S.ord. 29/09/2022

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato no apartado 14 do Anexo I -FEC- nos seguintes termos:

“ 14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) *ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: o orzamento máximo*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
 - *A variación cuantitativa do consumo en kilowatios.*
 - *As altas e baixas de puntos de subministración.*
 - *Os cambios, do prezo da enerxía definidos polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, OMIE.*
 - *O valor da potencia contratada ou o cambio de tarifas, dentro das contempladas no PPTP.*
- D) *LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20%*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDUREMTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”*

É preciso, comezar por relacionar o obxecto do contrato que nos ocupa. Este é *“a subministración de enerxía eléctrica 100% de orixe renovable (con certificado de orixe renovable) en baixa e media tensión para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo, coa finalidade de establecer a xestión integral de devandita subministración ante a comercializadora eléctrica”* (apartado 2.A da FEC).



Concello de Vigo

A presente modificación débese ao incremento do “prezo indexado” definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE), que é o que determina o prezo a aboar ao contratista polo subministro de enerxía eléctrica consonte a seguinte fórmula:

$$“Pe=[(OMIE+\Sigma Cah)*Cmh]+CG”$$

Onde os valores ΣCah , Cmh e CG , son os ofertados polo licitador adxudicatario e o valor de OMIE depende do mercado diario da enerxía.

Reproduciremos a continuación o informe da responsable do contrato, de 8 de setembro de 2022, xustificando a proposta de modificación:

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- Tal e como sinala o PPTP e o PCAP, o prezo ao que se factura a enerxía ven determinado polo “prezo indexado” definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía (OMIE), mediante a fórmula:

$$Pe=[(OMIE+\Sigma Cah)*Cmh]+CG$$

Onde os valores ΣCah , Cmh e CG , son os ofertados polo licitador adxudicatario e o valor de OMIE depende do mercado diario da enerxía.

A estimación do valor do contrato realizouse segundo se explica na memoria económica asinada o 19/11/2021:

"Determinación do prezo unitario do contrato:

En relación o criterio para a determinación do prezo unitario do contrato, débese atender a gran volatilidade que neste último ano experimentou o importe de referencia Omie. Como referencia indicase

Evolución anual do prezo maiorista (OMIE)

<i>Ano</i>	<i>Prezo €/MWh</i>
<i>OMIE Media 2021 (provisional)</i>	<i>90,83 – 120,00</i>
<i>OMIE Media 2020</i>	<i>33,96</i>
<i>OMIE Media 2019</i>	<i>47,68</i>
<i>OMIE Media 2018</i>	<i>57,29</i>
<i>OMIE Media 2017</i>	<i>52,24</i>
<i>OMIE Media 2016</i>	<i>39,67</i>
<i>OMIE Media 2015</i>	<i>50,32</i>
<i>OMIE Media 2014</i>	<i>42,13</i>

*Ante esta dispersión e volatilidade do prezo €/Mwh, propónse como prezo de referencia para o cálculo do prezo do contrato un valor prudente derivado da previsión de evolución para o período marzo 2022 a marzo 2023, polo importe de prezo, **47,430 €/Mwh.**”*

S.ord. 29/09/2022

Na actualidade, os factores que determinan a actual crise do sistema eléctrico ten provocado o mantemento alcista dos prezos da enerxía eléctrica en valores moi superiores aos que tiña como referencia a memoria económica para o periodo abril-décembro 2022, sendo a realidade do ano 2022 a seguinte:

<i>Ano</i>	<i>Prezo €/MWh</i>
<i>OMIE Media xaneiro 2022</i>	<i>201,81</i>
<i>OMIE Media febreiro 2022</i>	<i>200,47</i>
<i>OMIE Media marzo 2022</i>	<i>283,26</i>
<i>OMIE Media abril 2022</i>	<i>191,78</i>
<i>OMIE Media maio 2022</i>	<i>187,14</i>
<i>OMIE Media xuño 2022</i>	<i>169,73</i>
<i>OMIE Media xullo 2022</i>	<i>142,22</i>

A continuación móstrase a táboa de facturación dende o comezo do contrato, 12 de marzo de 2022 ata o mes de xuño de 2022:



Concello de Vigo

GRUPO 1	SUBMINISTRO E. E. NOS SEMAFOROS	
12/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	20.766,63 €
12/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	19.916,71 €
12/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 10%	3.802,76 €
08/04/2022 a 30/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 5%	2.561,65 €
		47.047,75 €
GRUPO 2	SUBMINISTRO E. E. ALUMEADO PUBLICO	
11/03/2022 a 03/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	247.656,66 €
11/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	529.681,26 €
11/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	388.621,96 €
12/03/2022 A 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	374.341,55 €
13/03/2022 a 30/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 5%	8.269,74 €
11/03/2022 a 22/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21 %	35.314,59 €
		1.583.885,76 €
GRUPO 3	SUBMINISTRO ELECTRICO EN FONTES DE PARQUES E XARDINS	
12/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	5.077,08 €
12/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	1.932,06 €
14/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	1.310,41 €
01/04/2022 a 30/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 5 %	413,24 €
11/03/2022 a 07/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21 %	7.027,10 €
		15.759,89 €
GRUPO 4	SUBMINISTRO E.E. NOS COLEXIOS	
11/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	109.264,77 €
15/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	5.121,90 €
11/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.-10%	9.408,73 €
11/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.-21%	49.918,59 €
04/05/2022 a 14/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 5%	1.153,76 €
11/03/2022 a 22/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21%	27.507,24 €
		202.374,99 €
GRUPO 5	SUBMINISTRO E.E. INST. DEPORTIVAS	
11/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	107.598,79 €
12/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	8.554,45 €
12/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	11.817,00 €
12/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.-21%	66.063,79 €
23/03/2022 a 06/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21 %	4.428,65 €
		198.462,68 €
GRUPO 6	SUBMINISTRO E.E. DEP.MUNICIPAIS	
11/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	116.957,73 €
11/03/2022 a 31/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U.	12.911,75 €
11/03/2022 a 15/05/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 10%	9.825,34 €
11/03/2022 a 30/04/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21 %	127.819,69 €
01/05/2022 a 23/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 5%	1.940,21 €
12/03/2022 a 13/06/2022	IBERDROLA CLIENTES, S.A.U. 21 %	47.693,58 €
		317.148,30 €
	TOTAL ORZAMENTO CONTRATO	6.562.000,00 €
	TOTAL GASTADO A XUÑO 2022	2.922.880,79 €
	RESTO	3.639.119,21 €

Dedúcese da táboa que esgotouse mais do 44% do orzamento do contrato en tres meses, e, que a día de hoxe están pendentes de facturar dous meses mais (xullo-agosto), polo que o presuposto restante considérase insuficiente para finalizar o periodo do contrato (un ano).

2.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo, establece expresamente na Cláusula 35 o seguinte:

“CLÁUSULA 35.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación só poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 14.A das FEC, de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 205 da LCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación, consonte ao procedemento previsto no artigo 207 da LCSP. En particular será de aplicación o disposto nos artigos, 191, 203, 206 e 207 da LCSP.”

A cláusula 14 das FEC define as seguintes circunstancias que determinan a modificación:

“14. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR: o orzamento máximo

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- A variación cuantitativa do consumo en kilowatios.*
- As altas e baixas de puntos de subministración.*
 - Os cambios, do prezo da enerxía definidos polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, OMIE.*
- O valor da potencia contratada ou o cambio de tarifas, dentro das contempladas no PPTP.*

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: 20%

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDUREMTO DE MODIFICACIÓN: non se fixan”

Os cambios do prezo da enerxía definidos polo OMIE atópanse incluídos nas circunstancias que determinan a modificación, a variación de prezo respecto do estimado no cálculo do valor



do contrato cuadruplica o seu valor dende a entrada en vigor do contrato (marzo 2022), polo que a modificación proposta ten o seu encaixe nunha modificación prevista no PCAP .

III.- CONCLUSIONES.

As previsións económicas contempladas na memoria económica do contrato fronte as novas previsións de mercado son as seguintes:

			Marzo/dicembro (2022) Contrato actual	Marzo/dicembro (2022) Previsión	Xaneiro/ febreiro (2023) Contrato actual	Xaneiro/ febreiro (2023) Previsión	Total Contrato actual	Total Previsión
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	154.231,50 €	25.000,00 €	68.758,28 €	100.000,00 €	222.989,78 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.980.000,00 €	7.333.945,19 €	1.000.000,00 €	3.298.258,31 €	3.980.000,00 €	10.632.203,50 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	126.000,55 €	15.700,00 €	67.493,42 €	70.000,00 €	193.493,97 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	1.247.177,00 €	210.000,00 €	657.204,74 €	650.000,00 €	1.904.381,74 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	1.436.489,75 €	210.000,00 €	780.147,88 €	750.000,00 €	2.216.637,63 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	737.000,00 €	1.872.723,29 €	275.000,00 €	912.420,59 €	1.012.000,00 €	2.785.143,88 €
			4.826.300,00 €	12.170.567,28 €	1.735.700,00 €	5.784.283,22 €	6.562.000,00 €	17.954.850,50 €

A vista do anteriormente explicado considérase conveniente a modificación do contrato do “SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTE DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO” por mor dos cambios de valor do mercado da enerxía eléctrica ata un valor do 20%, para poder facer fronte as obrigacións económicas derivadas do contrato, non sendo suficiente o orzamento restante no actual contrato para cubrir o prazo do contrato.

Valórase a modificación na seguinte táboa:

			Total Contrato actual	Total Modificación 20%	Total contrato con Modificación 20%
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	100.000,00 €	20.000,00 €	120.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	3.980.000,00 €	796.000,00 €	4.776.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	70.000,00 €	14.000,00 €	84.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	650.000,00 €	130.000,00 €	780.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	750.000,00 €	150.000,00 €	900.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.012.000,00 €	202.400,00 €	1.214.400,00 €
			6.562.000,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

Resultando as seguintes anualidades:

			Anualidade 2022 Contrato actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	100.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €	120.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	3.980.000,00 €	0,00 €	796.000,00 €	4.776.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	70.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €	84.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	650.000,00 €	0,00 €	130.000,00 €	780.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	750.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €	900.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.012.000,00 €	0,00 €	202.400,00 €	1.214.400,00 €
			6.562.000,00 €	0,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

Reprodúcese tamén o informe emitido o 23 de setembro de 2022 polo técnico de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Electromecánicos, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento:

“Con data 21 de setembro de 2022 o concelleiro delegado de Fomento resolveu orde de inicio dun expediente de transferencia de crédito, para dotar de crédito suficiente a aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeadado público", a vista da tramitación unha modificación do 20 % do contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do Concello de Vigo (52008/444)”.

Con data 21 de setembro realízase a seguinte operación de transferencia de crédito:

1.- Transferencia de crédito:

Aplicación orzamentaria a minorar:

1539.619.00.12 “Vigo Vertical, J.Benavente- Torrecedeira” 300.000,00 €

asociado ao proxecto 22153912.

1532.619.00.08 “Humanización S. Roque, G. Espino - Ruiseñor” 300.000,00 €

asociado ao proxecto 22153208.

1532.210.00.04 “plan renovación firmes barrios - parroquias cof. 350.000,00 €

Deputación” asociado ao proxecto 22153204.

asociado ao proxecto 22153236.

1622.227.99.16 “Verquido do lixo en Sogama” 400.000,00 €

Aplicacións orzamentaria a incrementar:



Concello de Vigo

1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeado público"
1.350.000,00 €
asociado ao proxecto 18153290.

O informe proposta do expediente de modificación (exp.6811/241) sinala o seguinte:

2.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará as seguintes aplicacións orzamentarias:

			Anualidade 2022 Contrato actual	Anualidade 2023 Contrato actual	Modificación do contrato 2022	Total Contrato 2022
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	100.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €	120.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeado público	3.980.000,00 €	0,00 €	796.000,00 €	4.776.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	70.000,00 €	0,00 €	14.000,00 €	84.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	650.000,00 €	0,00 €	130.000,00 €	780.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	750.000,00 €	0,00 €	150.000,00 €	900.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico - dependencias municipais	1.012.000,00 €	0,00 €	202.400,00 €	1.214.400,00 €
			6.562.000,00 €	0,00 €	1.312.400,00 €	7.874.400,00 €

Polo exposto anteriormente solicítase que a modificación consistente no incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, sexa imputada á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeado público" asociado ao proxecto 18153290".

Como se pode deducir do exposto, dado que trátase dun contrato de subministro en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP) a **modificación** proposta consiste en incrementar nun 20% o orzamento máximo (IVE incluído), 1.312.400 euros.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.

S.ord. 29/09/2022

- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia. Aínda que o prezo primitivo do contrato é superior a 6.000.000 euros, a modificación está prevista no PCAP e non supera o 20% do prezo. Evacuado trámite de audiencia, o contratista manifestou a súa conformidade.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: o mantemento dun servizo esencial, a iluminación pública das vías e espazos públicos de titularidade municipal (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia), así como o funcionamento das dependencias e instalacións municipais. A variación do prezo da enerxía definido polo Operador do Mercado Ibérico de Enerxía, OMIE, respecto do estimado no cálculo do valor do contrato, que se incrementou ata cuadruplicar o seu valor dende a entrada en vigor do contrato (marzo 2022), implica que para poder facer fronte as obrigacións económicas derivadas do contrato, sexa precisa a súa modificación.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón un incremento do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. A modificación ascende a un importe de 1.312.400.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse



Concello de Vigo

no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo (Expediente 52008-444), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste nun incremento do orzamento base do contrato do 20%, por un importe de 1.312.400 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 1650.221.00.00 "subministro enerxía eléctrica alumeadado público" asociada ao proxecto 18153290.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá

S.ord. 29/09/2022

reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(793).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUNHA AULA DE ESTUDOS NO EDIFICIO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 23062/332.

Visto o informe xurídico do 19/09/2022 e o informe de fiscalización do 21/09/2022, dáse conta do informe-proposta 06/09/2022, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 9 de maio de 2019, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos, da Aula UNED e doutros espazos no edificio Auditorio Pazo de Congressos (expediente 23062/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 03/04/2019 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/04/2019 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 169.338,14 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 1 de outubro de 2019 acordou adxudicar a INTEGRAL MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos, por un prezo total de 141.106,61 euros (IVE incluído) co seguinte detalle:

- Unha parte fixa que engloba os custos laborais derivados dos servizos fixos que se prestan todo o ano, dos medios e materiais necesarios para a prestación do servizo e os de xestión/organización, por un importe de 118.354,61 euros;
- e unha parte variable constituída polos custos laborais derivados da prestación de servizos por incremento do horario da sala de estudos e de servizos de conserxería en relación a eventos nun total de 900 horas por ano, por un importe máximo de 22.752,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 09/05/2019 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.



2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: 2 anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, tres prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)*”.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de novembro de 2019 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de dous anos, contados desde o día 1 de decembro de 2019. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha”*.

En data 20 de decembro de 2019, asinouse unha Adenda do contrato na que se especificaban as partes fixa e variable incluídas no prezo do contrato, que non quedaran recollidas no antedito documento de formalización.

5.- Primeira prórroga do contrato: Na súa sesión ordinaria do 10 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local acordou autorizar a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 01/12/2021 e o 30/11/2022. En consecuencia, a data de finalización prevista para as prestacións deste contrato é o 30 de novembro de 2022.

6.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 5 de setembro de 2022, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a segunda prórroga de un ano para o contrato dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos, conforme ao estipulado no mesmo .

7.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos por parte da empresa actualmente adxudicataria (Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/12/2022 e o 30/11/2023.

8.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 141.106,61 euros, sendo o prezo por anualidade de 70.553,30 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 70.553,30 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 5.879,44 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (mes de decembro) e 64.673,86 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a novembro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3231.227.9902 (Funcionamento Aula de Estudos Beiramar) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200004857, por importe de 5,879,44 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

9.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congresos (expte. 23062/332) para o período comprendido entre o 01/12/2022 e o 30/11/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 70.553,30 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia SL, CIF B-27.715.879. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3231.227.9902 (Funcionamento Aula de Estudos Beiramar), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 01/12 a 31/12): 5.879,44 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01 a 30/11): 64.673,86 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(794).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 24177/332.

Visto o informe xurídico do 20/09/2022 e o informe de fiscalización do 22/09/2022, dáse conta do informe-proposta 08/09/2022, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ANTECEDENTES:

1.- Aprobación do expediente. A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria de 9 de xullo de 2020, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), o prego de prescricións técnicas particulares maillo prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto, acordando no mesmo acto a apertura do procedemento de licitación (expediente 24177/332).

2.- Adjudicación. A Xunta de Goberno Local en data de 17 de setembro de 2020 acordou adjudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo "CEMV" por un prezo total do contrato de 31.733,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.507,51 euros, e co compromiso por parte da adjudicataria para a realización de estudos aos membros integrantes do CEMV.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno do 09/07/2020 e a oferta presentada.

3.- Formalización do contrato. O contrato foi formalizado en data 2 de novembro de 2020 entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O presente contrato terá unha duración de 2 anos, contado dende o día 01 de novembro de 2020. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha"*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 31 de outubro de 2022.

4.- Prazo. O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

"1.- O adjudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)"

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

"A) PRAZO TOTAL: 2 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: si, 2 prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)"

5.- Requirimento da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *"este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. (...)"*

Mediante escrito de data 06 de setembro de 2022 (documento 220216058, anexo ao expediente), don Manuel Estévez Caride como administrador único da entidade Van Divulgación Cultural SL, manifesta o seu acordo en acollerse á primeira prórroga do contrato por unha anualidade (para o período de 1 de novembro de 2022 a 31 de outubro de 2023).

6.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) por parte da empresa actualmente adxudicataria (Van Divulgación Cultural SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP polo período do 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023.

7- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 31.733,77 euros, sendo o prezo por anualidade de 15.866,88 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 15.866,88 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 2.884,89 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (meses de novembro e decembro) e 12.981,99 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a outubro) e podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 (Estudos e traballos técnicos) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existe a operación contable RC 202200004866, por importe de 2.884,89 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo - CEMV (expte. 24177/332) para o período comprendido entre o 01/11/2022 e o 31/10/2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 15.866,88 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Van Divulgación Cultural SL, CIF B-36.917.201. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9910 (Estudos e traballos técnicos), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de 01/11 a 31/12): 2.884,89 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2023 (de 01/01 a 31/10): 12.981,99 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(795).- PROPOSTA DE PAGAMENTO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERIODO XANEIRO A XULLO DE 2022. EXPTE. 26231/332.

Visto o informe de fiscalización de data 21/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/09/2022, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzametnos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020. de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sustentabilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/decembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2022, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2022 (Expte 25604/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

S.ord. 29/09/2022

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 18 de agosto de 2022, adoptou o acordo de aprobar un incremento de 1.525,20.-€ na previsión de gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo”, con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.233.0000 do exercizo orzamentario de 2022.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, **dende o 11 de xaneiro ate o 27 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 200 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2022, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **7.579,62.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2022, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ****4805, GRUPO A2
(25/01/2022 - 05/07/2022) 27 X 39,78.-€ 1.074,06.-€



Concello de Vigo

Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1 (08/02/2022 - 30/06/2022)	7 X 39,78.-€	278,46.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 3601****, GRUPO C1 (03/03/2022 – 27/07/2022)	11X 36,72.-€	403,92.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1 (18/01/2022 - 30/06/2022)	21 X 39,78.-€	835,38.-€
Zona 5.- VICTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: 0118****, GRUPO C1 (01/02/2022 - 30/06/2022)	12 X 36,72.-€	440,64.-€
Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1 (01/02/2022 - 29/06/2022)	14 X 36,72.-€	514,08.-€
Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654, GRUPO C1 (11/01/2022 - 30/06/2022)	12 X 36,72.-€	440,64.-€
Zona 8.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ****4812, GRUPO C1 (25/01/2022 – 30/06/2022)	13 X 36,72.-€	477,36.-€
Zona 9.- CONCEPCIÓN AMBOAGE GARCIA, NIF: 3607****, GRUPO A2 (25/01/2022 – 10/05/2022)	6 X 39,78.-€	238,68.-€
Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1 (11/01/2022 - 11/07/2022)	20 X 36,72.-€	734,4.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2 (18/02/2022 - 30/06/2022)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 3606****, GRUPO A2 (18/01/2022 - 21/06/2022)	8 X 39,78.-€	318,24.-€
Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1 (25/01/2022 - 30/06/2022)	14 X 36,72.-€	514,08.-€
Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2 (25/01/2022 - 30/06/2022)	13 X 36,72.-€	477,36.-€
Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2 (20/01/2022 - 14/06/2022)	14 X 36,72.-€	514,08.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(796).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DO
“PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS**

S.ord. 29/09/2022

PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 11694/224.

Visto o informe xurídico do 19/09/2022 e o informe de fiscalización do 26/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero* ten como obxectivo principal ofrecer ás mulleres beneficiarias do dispositivo, e persoas delas dependentes, axuda e apoio no ámbito da educación familiar e social co fin de contribuír ao desenvolvemento das ferramentas e recursos necesarios que lles permita levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto da violencia. As usuarias da rede municipal de vivendas de protección reciben apoio social e familiar da figura co perfil profesional de Educación Social que intervirá e acompañará ás usuarias deste dispositivo na consecución dos obxectivos sociais, psicolóxicos e xurídicos da unidade familiar beneficiaria, establecidos no proxecto de intervención de cada usuaria.

1º.- O actual contrato do programa está adxudicado á entidade Fundación Aldaba, con CIF G82453606, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de outubro de 2019. A segunda e última prórroga do contrato, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2021, finaliza o 27 de decembro de 2022, polo que resulta indispensable tramitar unha nova licitación. O período de execución desexable do novo contrato sería desde o 28 de decembro de 2022 ata o 27 de decembro de 2023.

2º.- En data do 24 de agosto de 2022, a Xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola Concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP, Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificada polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

3º.- No expediente consta a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado do contrato de servizos do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero* asinados o 24 de agosto de 2022
- Memoria económica asinada o 25 de agosto de 2022
- Certificados de retención de crédito asinados o 29 de agosto de 2022 (operación 202200083057-RC e operación 202200083058-RCFUT1)
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 2 de setembro de 2022 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 7 de setembro de 2022, incorporando no seu anexo a documentación rexistrada pola actual adxudicataria do contrato o 1 de setembro de 2022 sobre o persoal adscrito ao mesmo en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP
- Memoria xustificativa asinada o 7 de setembro de 2022
- Informe favorable do servizo de Contratación asinado o 9 e o 12 de setembro 2022 sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 7 de setembro de 2022

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de realizar como máximo 2 prórrogas, cunha duración dun ano cada unha.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 31.198,99 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 99.836,77 €.

O prezo do contrato (1 ano de duración) é de 37.750,78 € que inclúe un IVE de 6.551,79 €.

O prezo unitario con IVE será de 39,32 €/hora, que será aplicable só para os efectos de modificación do contrato, ao que se lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023, desglosadas do seguinte xeito:

- no exercicio 2022, imputaranse 405,92 €
- no exercicio 2023, imputaranse 37.344,86 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto simplificado que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).



Concello de Vigo

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116 e 159 LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 159 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 26 de agosto de 2022. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

S.ord. 29/09/2022

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa do servizo de Contratación o 7 de setembro de 2022

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 7 de setembro de 2022.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 37.750,78, que inclúe un IVE (21%) de 6.551,79 € para a contratación da xestión do *programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero*, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023, desglosado do seguinte xeito: 405,92 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2022, e 37.344,86 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2023, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(797).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR (3ª). EXPTE. 102913/140.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/09/2022, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegr o</i>	<i>S/a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202200035978	9120.2200100	1.000,00	755,70	07/04/22	06/07/22	07/07/22	244,30	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202200035980	9120.2310000	500,00	505,10	07/04/22	05/07/22	07/07/22	0,00	5,10



Concello de Vigo

Abalde Comesaña Raquel	202200066914	9120.2260100	1.500,00	1.512,80	23/06/22	01/08/22	23/09/22	0,00	12,80
Abalde Comesaña Raquel	202200066915	9120.2269900	700,00	724,41	23/06/22	30/08/22	23/09/22	0,00	24,41
Couce Óscar Senra	202200044160	1532.2312000	300,00	0,00	10/05/22	05/08/22	10/08/22	300,00	0,00
Dapena Gómez María	202200055924	9201.2260300	3.000,00	2.387,25	31/05/22	31/08/22	31/08/22	612,75	0,00
Fernández Fernández Paz	202200028814	2310.4800000	250.000,00	226.513,85	20/03/22	18/07/22	20/06/22	23.486,15	0,00
García Álvarez Luis	202200044212	2311.4800000	4.500,00	1.390,00	10/05/22	11/08/22	10/08/22	3.110,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200029315	1320.2140000	1.000,00	145,20	01/04/22	01/07/22	01/07/22	854,80	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200029316	1320.2190000	1.000,00	0,00	01/04/22	01/07/22	01/07/22	1.000,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200029317	1320.2260100	300,00	0,00	01/04/22	01/07/22	01/07/22	300,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200036205	1320.2312000	200,00	97,10	08/04/22	01/07/22	08/07/22	102,90	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200036206	1320.2219900	1.000,00	999,95	08/04/22	04/07/22	08/07/22	0,05	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200036207	1320.2269900	1.000,00	601,70	08/04/22	08/07/22	08/07/22	398,30	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200036208	1320.2120000	1.000,00	427,26	08/04/22	01/07/22	08/07/22	572,74	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200036209	1320.2200000	200,00	198,28	08/04/22	06/07/22	08/07/22	1,72	0,00
TOTAL			267.200,00	236.258,60				30.983,71	42,31

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202200028814 e 202200044212 de Fernández Fernández Paz e García Álvarez Luis.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	

S.ord. 29/09/2022

Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202200028814 e 202200044212 de Fernández Fernández Paz e García Álvarez Luis non se renderon no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegr o	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202200035978	9120.2200100	1.000,00	755,70	07/04/22	06/07/22	07/07/22	244,30	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202200035980	9120.2310000	500,00	505,10	07/04/22	05/07/22	07/07/22	0,00	5,10
Abalde Comesaña Raquel	202200066914	9120.2260100	1.500,00	1.512,80	23/06/22	01/08/22	23/09/22	0,00	12,80
Abalde Comesaña Raquel	202200066915	9120.2269900	700,00	724,41	23/06/22	30/08/22	23/09/22	0,00	24,41
Couce Senra Óscar	202200044160	1532.2312000	300,00	0,00	10/05/22	05/08/22	10/08/22	300,00	0,00
Dapena Gómez María	202200055924	9201.2260300	3.000,00	2.387,25	31/05/22	31/08/22	31/08/22	612,75	0,00
Fernández Fernández Paz	202200028814	2310.4800000	250.000,00	226.513,85	20/03/22	18/07/22	20/06/22	23.486,15	0,00
García Álvarez Luis	202200044212	2311.4800000	4.500,00	1.390,00	10/05/22	11/08/22	10/08/22	3.110,00	0,00
Martínez Francisco Muñoz	202200029315	1320.2140000	1.000,00	145,20	01/04/22	01/07/22	01/07/22	854,80	0,00
Martínez Francisco Muñoz	202200029316	1320.2190000	1.000,00	0,00	01/04/22	01/07/22	01/07/22	1.000,00	0,00



Concello de Vigo

Martínez Francisco	Muñoz	202200029317	1320.2260100	300,00	0,00	01/04/22	01/07/22	01/07/22	300,00	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200036205	1320.2312000	200,00	97,10	08/04/22	01/07/22	08/07/22	102,90	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200036206	1320.2219900	1.000,00	999,95	08/04/22	04/07/22	08/07/22	0,05	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200036207	1320.2269900	1.000,00	601,70	08/04/22	08/07/22	08/07/22	398,30	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200036208	1320.2120000	1.000,00	427,26	08/04/22	01/07/22	08/07/22	572,74	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200036209	1320.2200000	200,00	198,28	08/04/22	06/07/22	08/07/22	1,72	0,00
TOTAL				267.200,00	236.258,60				30.983,71	42,31

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(798).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA OS “CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 36685/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/09/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 18/08/2022, adoptou acordo polo que se aproban os “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo. (expte 36685-220) que foron publicados no BOPPO nº 167 de 01/09/2022

II.- O día 14/09/2022, o sindicato CCOO a través do seu secretario xeral, interpón recurso potestativo de reposición contra o referido acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

II.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse o Sindicato actor a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dada a directa vinculación da actividade dun sindicato que representa o persoal que presta seus servizos no Concello de Vigo, con un acordo da Xunta de Goberno local de aprobación de criterios de xestión de listas de reserva.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 01/09/2022 foi publicado no BOPPO nº 167, o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproban os criterios de xestión de listas de reserva, presentando o recurso o día 14/09/2022.

III.- En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, *son inmediatamente executivos (artigo 98)*. *En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:*

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa



prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”

No presente caso, e sen prexuízo do que exporase a continuación en canto ao fondo do asunto, que implicaría de por si a inexistencia das circunstancias necesarias para acordar a suspensión (prexuízos de imposible reparación e causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47 anteriormente referido), se entende que a suspensión do acto causaría un prexuízo evidente ó interese xeral que se pon de manifesto na necesidade e urxencia de dispoñer duns criterios para a xestión das listas de reserva e poder nomear interinamente ás persoas necesarias co fin de atender con prontitude os servizos públicos, polo que non procede a suspensión do acto impugnado.

IV.- En canto o fondo do asunto:

En primeiro lugar, imos obviar na resolución do recurso as consideracións de tipo persoal tales como *“a extralimitación incorrida é obscena, manifesta”* ..., o criterio de espera *“xurda da imaxinación dos seus autores...”* *“desviación groseira... desviación obscena...”* e outras semellantes.

Na **primeira** alegación o sindicato recorrente manifesta que os criterios de xestión de listas de reserva teñen carácter normativo porque sentan un réxime de obrigas e dereitos que limitan o acceso ao emprego público. Sobre esta base solicita a nulidade por falta de competencia normativa da Xunta de Goberno Local e por non seguir o procedemento establecido para elo.

Sorprende a afirmación deste sindicato e elo porque a través dos seus representantes, CCOO participou activamente no Grupo de traballo creado por resolución de data 20/11/2020 da concelleira delegada competente, “para o estudo, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal”, que culminou co Acordo de Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 polo que se aprobaban os referidos criterios, deixando sen efecto os anteriores aprobados na sesión ordinaria de XGL de data 18 de decembro de 2015. Durante todo o proceso de traballo para a elaboración dos criterios de 16/07/2021, substancialmente iguais que os presentes (a salvo dos criterios de actuación introducidos logo da entrada en vigor da Lei 20/2021 aos que nos referimos máis tarde), e durante a negociación dos presentes, en ningún momento se fixo semellante afirmación.

Procede a desestimación polos motivos seguintes. A sensu contrario do que afirma o recorrente como argumento da súa afirmación, indicar que da simple lectura dos criterios de xestión de listas de reserva, se conclúe que os mesmos teñen por obxecto dar publicidade a unha serie de criterios de actuación para “a xestión, supostos, incidencias e réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo”. Uns criterios que respectan a legalidade vixente a tratan de cumprir o disposto na Disposición Adicional 17ª no TREBEP, que establece que *“as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento de esta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal.”*

A finalidade dos mesmos e recoller unhas regras de funcionamento interno para público coñecemento, establecer un marco de seguridade xurídica nesta materia e dotar de

transparencia e publicidade ao funcionamento das listas de reserva, para que todas as persoas integrantes das mesmas teñan coñecemento dos criterios en función dos cales van a ser chamados. Neles se trata de conciliar os dereitos das persoas integrantes das listas e a satisfacción das necesidades dos servizos ou áreas do Concello de Vigo, con pleno respecto á legalidade. Así os criterios inclúen unha serie de apartados relativos a quen forma parte das listas de reserva, os dereitos das persoas integrantes das mesmas, que non é outro que o de ser chamados nos supostos previstos legalmente, como se efectúan os chamamentos, cando se considera xustificada a renuncia, validez das mesmas, a previsión dunha comisión de seguimento técnico-sindical para solución de incidencias, e a previsión dunha declaración responsable na solicitude de persoal interino para que as xefaturas dos servizos teñan coñecemento do marco normativo actual e realice as solicitudes segundo o mesmo.

Estes criterios de xestión, que o Concello de Vigo aproba e publica no BOPPO así como na páxina web do Concello, permanecen como criterios internos e sen publicidade en outras Administracións Públicas que tramitan os expedientes para autorizar os nomeamentos interinos ou contratacións temporais para satisfacer as necesidades recursos humanos.

En canto a **segunda** alegación, que divide en dous apartados un relativo ao período de espera de 9 meses e o outro relativo ao límite de 3 anos, indicar que:

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LTEP), pretende reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e establecendo a obriga de velar por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal e dos nomeamentos de persoal funcionario interino.

A devandita lei contempla expresamente unha serie de medidas para o control da temporalidade no emprego público introducindo a Disposición Adicional 17ª no TREBEP, implantando un réxime de responsabilidades disuasorios de futuros incumprimentos establecendo que *“as Administracións Públicas promoverán, nos seus ámbitos respectivos, o desenvolvemento de criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento de esta disposición, así como unha actuación coordinada dos distintos órganos con competencia en materia de persoal.”*

Así a LTEP pretende actuar en dous direccións: a adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente no sector público e a articulación de disposicións eficaces para prever e sancionar o fraude na utilización da provisionalidade. A redución das relacións de emprego temporal, se pretende obter en base aos procesos de estabilización de emprego temporal contemplados na referida norma, considerándose esta unha medida válida para paliar a situación existente. Ademais trata de prever e sancionar o fraude para evitar a perpetuación dos posibles abusos na utilización de sucesivas relacións temporais, ou dunha relación temporal de longa duración que se poda considerar irregular.



Concello de Vigo

A forma de organizar ou estruturar os procesos de estabilización da LETP, entendemos non pode ser independente da consideración que fai a mesma no relativa ao carácter fraudulento da relación de emprego público e da pretensión do acceso á estabilidade no emprego dos traballadores que padeceran “un abuso” na contratación ou nomeamento. Así o artigo 2.1, cando se refire á autorización dunha taxa adicional para estabilización de emprego temporal, inclúe as prazas de natureza estrutural, nunhas determinadas condicións, sempre que estiveran ocupadas temporal e interrompidamente ao menos nos tres anos anteriores ao 31/12/2020, o cal parece indicar un prazo máximo -3 anos-, de permanencia máxima do persoal interino ou temporal.

Por outra banda, convén salientar que aínda que a lei se refire á estabilización de prazas, dado que non debería poder formularse a estabilización de persoas ao implicar por en marcha un proceso restrinxido vetado pola xurisprudencia constitucional, o certo é que na práctica as prazas están ocupadas ou desempeñadas por persoas que viñan ocupando temporalmente esas prazas.

Nestas circunstancias, a través da modificación dos criterios de xestión de listas de reserva, se pretendeu establecer unha serie de medidas para a redución da temporalidade intentando cumprir as obrigas derivadas da normativa de redución da temporalidade, compatibilizando coa necesidade de satisfacer as necesidades inaprazables e urxentes derivadas das prestación dos servizos públicos.

Así se establece nos novos criterios un período de permanencia máximo de 3 anos do persoal interino (salvo as excepcións contempladas legalmente), e se establece un período de espera mínimo de nove meses ao finalizar o nomeamento ou contrato. Se establece un período de nove meses ante o vacío normativo para supostos diferentes á acumulación de tarefas, ao considerar que é período suficiente para considerar interrompido o tempo de prestación de servizos.

Por outra parte, incluír unha declaración responsable das xefaturas das áreas/servizos, que deberá acompañar ás solicitudes de persoal temporal, coa finalidade de evitar as solicitudes para atender necesidades que carecen de urxencia ou necesidade ou que non se adaptan a todas e cada unhas das circunstancias, previsións e requisitos establecidos na normativa existente en materia de emprego público temporal, provocando en consecuencia un crecemento innecesario da temporalidade no emprego público.

Polo tanto non se crearon supostos de feito distintos aos previstos ao lexislador, nin significa que disposicións normativas que non están contempladas expresamente nos criterios, non sexan de aplicación, como afirma o recorrente. Simplemente pretendeuse recoller, en cumprimento do mandato do lexislador uns criterios de actuación que permitan asegurar o cumprimento da Disposición Adicional 17ª no TREBEP.

Indicar que no expediente de modificación dos criterios consta anexo informe da GALIVALIA AVOGADOS E CONSULTORES consultora contratada para desenvolver a oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, no que, logo da lectura dos criterios de xestión de listas de reserva, entre outras circunstancias se informa expresamente que:

- *Así, o lexislador non ven a prever esta prohibición en termos absolutos e incondicionais, senón que, pola contra, ven a contemplar a posibilidade excepcional do recurso á contratación e/ou nomeamento de persoal temporal, coa finalidade de dar resposta ás necesidades urxentes e ineludibles que nos servizos públicos poidan xurdir.*

Aos efectos da excepcionalidade sinalada, cómpre sinalar que a concorrencia de necesidades urxentes e inaprazables, que xustifiquen a contratación/nomeamento de persoal temporal, debe entenderse cumprida cando dito persoal resulte imprescindible para a adecuada e inmediata prestación do servizo e/ou sector de actividade municipal implicados. Neste senso se entendería, en todo caso, e entre outras posibles xustificacións, a concorrencia dunha situación de risco para a adecuada prestación do servizo e/ou sector de actividade municipal implicados -e polo tanto dunha urxente e inaprazable necesidade-, cando de non producirse a incorporación do persoal temporal requirido, non se poidan cubrir, de xeito satisfactorio, as demandas e/ou necesidades dos cidadáns e/ou usuarios dos mesmos. Non obstante, a concorrencia destas circunstancias deberá ser obxecto dunha adecuada acreditación e xustificación.

- *Vista a proposta de criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo, estímase que a mesma respecta a normativa e limitacións actualmente vixentes en materia de nomeamentos interinos e contratación de persoal temporal, destacando en relación ao período de espera mínimo de nove meses ao finalizar o nomeamento ou contrato que se considera adecuado e suficiente para considerar interrompido o tempo de prestación de servizos ou a cadea contractual do persoal interino ou temporal.*

Realizando as seguintes recomendacións ou observacións que incorporáronse os criterios agora recorridos:

- *Nos expedientes concretos de contratación/nomeamento deberase poñer un especial coidado na xustificación e acreditación da concorrencia das necesidades urxentes e inaprazables específicas que posibiliten a referida contratación/nomeamento do persoal temporal ou interino.*
- *Respecto do persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, débese ter en conta os porcentaxes previstos para este tipo de nomeamentos excepcionais e*



Concello de Vigo

circunstanciais, de conformidade co establecido no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Por último, en outro orde de cousas, convén lembrar que as persoas integrantes nunha lista de reserva, ostentan unicamente “unha expectativa de dereito” a unha contratación ou nomeamento futuro. Esta cuestión foi xa resolta por medio de dous sentenzas en sendos recursos de casación para unificación de doutrina, sinalando que a inclusión nunha bolsa ou lista de espera da lugar a favor da persoa inscrita unicamente a unha expectativa de dereito, en concreto a STS 12/12/1997 e 19/01/1999 nas que se afirma: “no cuestionan las bases de selección, ni la actuación del Tribunal calificador, ni se combate una fase o incidencia del proceso selectivo, limitándose, tan solo, a pedir que se respete el orden de prelación establecido ... discutiéndose, sobre “una expectativa de derecho a ser contratado laboralmente una persona *por considerar preferente a otra dado el orden fijando en unas listas de espera confeccionadas por la propia Administración recurrente*”, “*en este tipo de casos no se cuestionan jurisdiccionalmente verdaderos derechos adquiridos a los puestos de trabajo en cuestión, sino solamente meras “expectativas de derechos” a los mismos. Y siendo esto así, frente a lo en ellas sostenido, la incompetencia de la Jurisdicción es clara, puesto que dichas meras “expectativas” ni siquiera pueden fundar la existencia de un precontrato que de existir, si quedaría comprendido en el ámbito del Orden Social de la Jurisdicción; todo ello con independencia de que las “listas” controvertidas hayan sido elaboradas por la Administración Pública, bien en virtud de reglas o bases contenidas en normas reglamentarias, bien como consecuencia de acuerdos con las Organizaciones sindicales.*”

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada pola representación da sección sindical de CCOO.

Segundo.- De conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente en todas as súas peticións, o recurso interposto en data 14/09/2022 pola representación da sección de CCOO, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/08/2022, polo que se acorda a aprobar os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo. (expte 36685-220) que foron publicados no BOPPO nº 167 de 01/09/2022

S.ord. 29/09/2022

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(799).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 3270/341.

Visto o informe xurídico do 20/09/2022 e o informe de fiscalización do 21/09/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP

–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.

–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

–Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 1 de novembro de 2019 acordou (expte 2291-341):

1. “Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por FEC do PCAP:

- *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)*
- *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)*

2. Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

a) O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.

b) Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2. Con data 13 de decembro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS SA cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de xaneiro de 2020 (cláusula 4) .

3. A Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2021 acordou aprobar a primeira prórroga do citado contrato polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022 (expte 3011/341).

4. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 220221918, de data 14 de setembro D. Antonio López González en nome e representación da mercantil *SERVICIOS SECURITAS S.A.* presta a súa conformidade á segunda prórroga do do contrato, cunha duración de un ano, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

5. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 5 de setembro, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura informa que a empresa *SERVICIOS SECURITAS SA* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 13 de decembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de xaneiro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 5 de setembro de 2022 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos de atención ao público nas dependencias da Rede de Museos Municipais (expediente 2299/341), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **383.913,93 € (trescentos oitenta e tres mil novecentos trece euros con noventa e tres céntimos)**, ive engadido, dos que **335.576,51 € corresponden aos servizos de atención ao público e 48.337,42 € corresponden a servizos de coordinación, a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF.- A28986800)**, con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de Atención ao Público” do orzamento municipal para o exercicio 2023.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(800).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”. EXPTE. 1333/441.

Visto o informe xurídico de data 15/09/2022 e o informe de fiscalización do 23/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/09/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Previo informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 24.02.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 24.02.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.03.2021 aprobou o proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”, redactado pola Enxeñeira Municipal de Camiños Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €) e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

2.- Mediante resolución do 29 de decembro de 2021 da Directora Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.

No Anexo II figura o listado dos concellos beneficiarios e as correspondentes asignacións. O Concello de Vigo figura cunha asignación total de 83.518,00 €, distribuídas en dúas anualidades, 19.961,00 € na anualidade do 2022 e 63.557,00 € en 2023.

Non serán elixibles os seguintes gastos:

1. As partidas a tanto global.
2. O imposto do valor engadido (IVE)
3. Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de iluminación, abastecemento e saneamento de augas fecais..
4. Os gastos de redacción de proxecto nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
5. Gastos por dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outro servizo complementario necesario.
6. Gastos por taxas ou licenzas necesarias.
7. O cartel de obra.

As obras ás que o Concello de Vigo pretende aplicar a cantidade asignada son as de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

Entre os gastos citados como non elixibles no PLAN, o Concello de Vigo terá que soportar os

S.ord. 29/09/2022

correspondentes ao imposto do valor engadido (IVE), ademais do panel de obra, necesario para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos previstos no artigo 17 da antedita Resolución do 29 de decembro de 2021.

3.- En data 22 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou en sesión ordinaria aprobar a participación do Concello de Vigo no “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”

4.- Con data 13 de xuño de 2022, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan De mellora De Camiños Municipais De Acceso a Parcelas Agrícolas 2022-2023, por importe de 81.518,00 €, coa seguinte distribución por anualidades:

2022	2023
19.419,82 €	61.834,64 €

Na mesma resolución indícase que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2022 será o 15 de outubro de 2022. O feito de non xustificar correctamente esta anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda, polo importe non xustificando. O prazo final de xustificación será o 30 de maio de 2023.

5.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 01.03.2021 que se corresponde co expediente administrativo 812-441, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas suscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento de data 7 de xullo de 2022.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 7 de xullo de 2022.
- D)** Memoria económica asinada pola Técnico de Administración Xeral, polo Xefe da Área de Inversións e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de xullo de 2022.
- E)** Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 13 de xullo de 2022.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos en data 20 de xullo de 2022.



- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data s 21 e 22 de xullo de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 25 de agosto de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 08 de setembro de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 24.02.2022) e o cumprimento da normativa sectorial

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de setembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 16.566,44 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.2100000622 “conservación de vías e espazos públicos”, provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	95.454,27 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(801).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN PROMOCIONAIS QUE TERÁ COMO FIN A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO NA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO “FITUR” 2023”. EXPTE. 8211/104.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

18(802).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN E CONTROL AO PÚBLICO NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 11658/612.

Visto o informe xurídico de data 20/09/2022 e o informe de fiscalización do 21/09/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/09/2022, asinado polo director de Réxime Interior do Zoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 6 de xuño de 2019, acordou aprobar o expediente para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VigoZoo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 26 de setembro de 2019 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo *“Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de Vigozoo (9.769-612) por un prezo total de 102.224,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.741,36 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Con data de 21 de outubro de 2019 a empresa adxudicataria do Contrato asina o contrato para a prestación do servizo. En dito contrato recóllese na cláusula 4 o prazo do contrato, sendo este de dous anos, e o inicio dende o 22 de outubro de 2019. Contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data de 14 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga dun ano do contrato para a prestación do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VigoZoo a “EULEN SA” con CIF A 28517308, dende o 22 de outubro de 2021 ao 21 de outubro de 2022.

2.- Fundamentos de dereito:

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece na súa Disposición transitoria primeira punto 2 que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, rexiránse, en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto, o artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato

S.ord. 29/09/2022

poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato preveña expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas na cláusula 7. Prazo de execución, punto 3), recóllese que “ Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.. O apartado 4. C da FEC contempla dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

A empresa que presta o servizo, “ EULEN SA ” con CIF: A28517308, non presentou documento de oposición a prórroga segundo os prazos recollidos no prego de cláusulas administrativas.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “ EULEN SA ” con CIF: A28517308, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

4- Prezo anual do contrato.

A anualidade do contrato é de 51.112,02 euros IVE engadido.

4.1 Prezo para o período da prórroga.

Atendendo a que a segunda prórroga é por un ano de duración, distribúese o importe da anualidade cos seguintes importes: 7.332,60 euros para o 2022 e 43.779,42 euros para o ano 2023.

5.- Financiamento do contrato.



Concello de Vigo

O contrato financíase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria do presuposto vixente: 337.1.227.99.00 “ Servizo de Taquilla”. A tales efectos, existe no orzamento en vigor unha retención de crédito na referida partida por importe de 7.332,60 (RC nº 202200004877)

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 21 de outubro, e debido a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a segunda prórroga do contrato “ do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VigoZoo”.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. “ En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, procédese a tramitar a prórroga do contrato dos servizos de control de accesos e atención ao público nas dependencias de VigoZoo polo período dun ano dende o 22 de outubro de 2022 ata 21 de outubro do 2023, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa “ EULEN SA ” con CIF: A28517308, sendo o importe total do período da prórroga de 51.112,02 euros con IVE.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do contrato para a prestación “ do servizo de atención e control ao público nas instalacións de VIGOZOO”, á adxudicataria “ EULEN SA ” con CIF: A28517308, por acordo da XGL de 26/09/2019, dende o 22 de outubro de 2022 ao 21 de outubro de 2023.

O importe total do período da prórroga, 1 ano, de 51.112,02 euros con IVE, dende o 22 de outubro de 2022 ao 21 de outubro de 2023, con cargo a seguinte partida orzamentaria do orzamento vixente, 337.1.227.99.00 “Servizo de Taquilla”, cos seguintes importes: 7.332,60 euros para o 2022 e 43.779,42 euros para o ano 2023.

Segundo: Notificar o presente acordo de prórroga á empresa “ EULEN SA ” con CIF: A28517308, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso- administrativo

ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Modificación do contrato dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes. expte. 3275/611.
- .- Proposta de aprobación da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ó exercicio 2022 do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, non marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea - Next Generation_EU. Expte. 1383/441.
- Autorización gasto para a continuidade na prestación do servizo de mantemento das instalacións de alumeado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables no Concello de Vigo. Expte 15857/444.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



19(803).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHER DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 6814/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/09/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral (PD 14/09/2022), a concelleira-delegada de Contratación e conformado pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación

para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 25 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das seguintes exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*

- *Sesión do 29 de setembro de 2020: SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- *Sesión do 18 de xaneiro de 2021: UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, en cumprimento da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.*

2. *Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) por un prezo total de 1.202.971,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 208.780,16 euros cos seguintes prezos unitarios:*

- *O prezo unitario de hora ordinaria é de 13,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,42 euros.*
- *O prezo unitario de hora festiva é de 15,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,76 euros.*
- *O prezo unitario de hora nocturna de 14,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,53 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 7 de abril de 2021 e a execución do contrato iniciouse o día 12 do mesmo mes, por un prazo de dous anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.



Concello de Vigo

Cuarto.- O 21 de setembro de 2022 o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes, coa conformidade do concelleiro delegado, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do incremento de actividade deportiva na instalación do pavillón de Coia na xornada de mañá e a incorporación de dúas instalacións, Complexo deportivo de Navia e Complexo deportivo de Balaídos.

Quinto.- Con data do 23 de setembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 26 de setembro de 2022.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido o licitador prestou a súa conformidade á modificación proposta (documento nº 220234843).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

S.ord. 29/09/2022

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato debido ao *“incremento de actividades deportivas que motiven o incremento da franxa horaria de apertura”* e á *“incorporación doutras instalacións non incluídas no PPT”* (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o *“prezo do contrato”* (apartado 15.A da FEC) establecéndose como límite da modificación o 10% (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada polo incremento de actividade deportiva na instalación do pavillón de Coia na xornada de mañá e pola incorporación de dúas instalacións, Complexo deportivo de Navia e Complexo deportivo de Balaídos. Informan ao respecto o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes, en data 21 de setembro de 2022 o seguinte:

[...] Atendendo aos apartado b) aspectos a modificar e c) circunstancias que determinan a modificación, é necesario modificar o prezo do contrato debido ao incremento de actividade deportiva na instalación do pavillón de Coia na xornada de



Concello de Vigo

mañá, e a incorporación de dúas instalacións Complexo deportivo de Navia e Complexo deportivo de Balaídos, toda vez que cos recursos actuais, dos que dispón a administración, non é posible prestar o servizo de apertura e peche nas instalacións indicadas, sendo necesario realizar a apertura das mesmas en horario de tarde de luns a venres, sábados, domingos e festivos, todo elo en función das necesidades operativas do servizo.

Tendo en conta o que antecede indícase o número de horas de incremento 6.389,57 , e o importe total do mesmo 92.080,05 euros, para o período de 6 meses e 11 días ata a finalización do contrato o 11 de abril, incluído, do 2023, data de finalización do contrato.

O ser en función de necesidades as mesmas realizaranse segundo as necesidades de demanda deportiva do servizo de deportes.

	H.ORDINARIAS	H.NOCTURNAS	H.FESTIVAS
NAVIA	2.369,64	423,15	677,04
C. BALAIIDOS	1.241,24	211,58	394,94
COIA	874,51		197,47
TOTALES	4.485,39	634,73	1.269,45
	HORAS	PRECIO € C/IVE	IMPORTE € C/IVE
H.ORDINARIA	4.485,39	13,96	62.616,04
H.NOCTURNA	634,73	14,6	9.267,06
H.FESTIVA	1.269,45	15,91	20.196,95
TOTAL	6.389,57		92.080,05
XORNADAS	HORAS		
MAÑANA	1.410,50		
TARDE	3.074,89		
NOCTURNAS	634,73		
FESTIVAS	1.269,45		
TOTAL	6.389,57		

O incremento do prezo do contrato supón 92.080,05 euros, para o período de 6 meses e 11 días un incremento do 7,65% sobre o prezo inicial do contrato cuxo importe é de 1.202.971,38 euros, quedando o prezo do contrato ata a finalización do mesmo nun importe de 1.295.051,43 euros con IVE. A modificación financíase con cargo a partida orzamentaria 3420. 2279918 "Apertura e peche instalacións extrarradio".

Tendo en conta que o contrato actual, segundo o orzamento desagregado da empresa adxudicataria do servizo é de 1.131.916,44 euros para os dous anos, o que supón 565.958,22 euros anuais e tendo en conto o gasto actual do contrato no

exercicio 2022 e o crédito existente na partida orzamentaria. Existe crédito necesario e suficiente na partida orzamentaria, cun importe actual de 337.081,87 €, sen necesidade de incrementar para o ano 2022 o seu importe, documento económico AD 202200007059, 601.485,69 €. Para o ano 2023 esta previsto que se incremente o orzamento na partida de gasto 3420.2279918 “Apertura e peche instalacións extrarradio”, en mais dun 20 % sobre o orzamento actual.

O período de aplicación e de 6 meses e 11 días, e en todo caso dende a data da sinatura da modificación do contrato ata o 11 de abril do ano 2023 inclusive.

O importe dos servizos que se inclúen dentro desta modificación aboaranse conxuntamente co conxunta da facturación mensual das outras instalacións do contrato.

En consecuencia propónse ao servizo de contratación a modificación do contrato nos seguintes términos.

Primeiro: Acordar a modificación do contrato de APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES (EXPTTE: 3275-611) tendo en conta o artigo 204 da LCSP e apartado 15 das FEC nos seguintes termos:

- Incorporación das instalacións deportivas do Complexo de Navia e do Complexo de Balaídos, e o aumento da franxa horaria de apertura na xornada de mañá nas instalacións do Pavillón de Coia cun incremento de 6.389,57 horas de prestación por un prezo máximo de 92.080,05 € con iva, o que supón un incremento do contrato nun 7,65% para un período de 6 meses e 11 días ata o 11 de abril, incluído, do 2023, data da finalización do contrato.
- O número de horas e unha previsión, sendo o custo da modificación un importe máximo en función das necesidades.
- O aboamento das horas que supoñen esta modificación do contrato realizarase conxuntamente co resto da facturación mensual do contrato.

Segundo: Autorizar o gasto correspondente a modificación, que se imputará a aplicación orzamentaria 3420.2279918 “Apertura e peche instalacións extrarradio ” e bolsa de vinculación do orzamento vixente do servizo de deportes coa seguinte distribución orzamentaria. Sendo o prezo do contrato, coa modificación, ata a finalización do mesmo de 1.295.051,43 euros.

Partida orzamentaria	Importe € Período outubro-décembro 2022	Importe € Período xaneiro-12 abril 2023	Importe € total incremento
3420.2279918	43.893,08 **	48.186,97	92.080,05

** Para o período 2022 non é necesario realizar documento económico ao haber crédito suficiente no AD 202200007059, cun importe actual de 337.081,87 €”.



Concello de Vigo

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece ao incremento de actividades deportivas que motivan o incremento da franxa horaria de apertura e á incorporación de instalacións non incluídas no PPT.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 92.080,05 euros, que equivale a un 7,65% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 10%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: a prestación de servizos necesarios para o correcto funcionamento das instalacións deportivas municipais dentro das competencias municipais previstas no artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

S.ord. 29/09/2022

(“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”) e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 92.080,05 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3420.2279918 “Apertura e peche instalacións extrarradio”:

Aplicación orzamentaria	Importe período outubro-décembro 2022	Importe período xaneiro-11 abril 2023	Importe total incremento
3420.2279918	43.893,08*	48.186,97	92.080,05

* *Para o período 2022 non é necesario realizar documento económico ao haber crédito suficiente no AD 202200007059, cun importe actual de 337.081,87 euros.*

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se soliciten con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta



Concello de Vigo

que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 3.804,96 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o “Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia” no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

S.ord. 29/09/2022

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611), nos termos sinalados neste informe. Esta modificación consiste no incremento de actividade deportiva na instalación do pavillón de Coia na xornada de mañá e na incorporación de dúas instalacións, Complexo deportivo de Navia e Complexo deportivo de Balaídos.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 92.080,05 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 3420.2279918. Esta modificación representa un 7,65% do prezo do contrato:

Aplicación orzamentaria	Importe período outubro-décembro 2022	Importe período xaneiro-11 abril 2023	Importe total incremento
3420.2279918	43.893,08*	48.186,97	92.080,05

** Para o período 2022 non é necesario realizar documento económico ao haber crédito suficiente no AD 202200007059, cun importe actual de 337.081,87 euros.*

